



**ORDENANZA FISCAL Número . 7**  
**REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIRO**

**Artigo 1º: -FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), este Concello establece a "Taxa de sumidoiro", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, onde estas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

**Artigo 2º: -FEITO IMPOÑIBLE**

1.-Constitúe o feito impoñible da Taxa:

- a).- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiro municipal.
- b).- A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal, e o seu tratamento para depuralas, así como o servicio de limpeza de fosas sépticas e pozos negros.

2.-Non estarán suxeitos á Taxa as quintas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñán a condición de solar ou terreo.

**Artigo 3º: -SUXEITO PASIVO**

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria seguintes:

a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede:

- O promotores, no caso de inmobles de nova construción.
- Os propietarios, usufrutuarios ou titulares do dominio útil dos inmobles ou actividades, cando estes non sexan de nova construción.

b)No caso de prestación de servicios as que se refire o número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das quintas do termo municipal beneficiarias de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas o arrendatarios, mesmo en precario.

2.-En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

**Artigo 4º: -RESPONSABLES**

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.



## **Artigo 5º.- BASE DO GRAVAME E COTA TRIBUTARIA**

1.- A base do presente tributo virá determinada:

a) En canto ao servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiro municipal, no suposto de inmobles que dispuxesen do servizo de sumidoiro e de auga potable; polo volume de auga consumida medida por contador, segundo a facturación xirada polo Concello para o servizo de abastecemento de auga potable.

b) En canto ao servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiro municipal, no suposto de inmobles que dispuxesen do servizo de sumidoiro e non de auga potable; en función do número de vivendas e locais comerciais, industriais ou profesionais, etc. situados naquelas.

c) En canto ao servizo de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais, no suposto de inmobles que dispuxesen do servizo de sumidoiro e de auga potable; polo volume de auga consumida medida por contador, segundo a facturación xirada polo Concello para o servizo de abastecemento de auga potable.

d) Derrogado

e) Nas novas acometidas, polo número de vivendas e locais comerciais, industriais ou profesionais situados no inmovible.

f) No servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, polo número de horas de utilización do vehículo motobomba e o número de horas empregadas polo persoal operario.

2.- Aplicaranse as seguintes Tarifas:

**Tarifa primeira:** Prestación de servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal.

a) Inmobles que dispoñan do servizo domiciliario de auga:

Cotas de dispoñibilidade do servizo polo consumo doméstico e non doméstico, ao trimestre: 4,34 €.

Por cada m<sup>3</sup> de auga consumida, en usos domésticos e non domésticos, que excedan de 27 m<sup>3</sup>, que se consideran incluídos na cota de dispoñibilidade do servizo fixado no apartado anterior: 0'16 €.

b) Inmobles que non dispoñan do servizo domiciliario de auga; a cota que resulta de multiplicar por 8,70 €, o número de vivendas e locais situados no inmovible. Esta tarifa terá carácter semestral.

\* Refacturacións:

- Cando o contador da auga se atope avariado, facturarase atendendo as seguintes circunstancias:

- Si existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior.

- Si fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos.

- Si non existisen antecedentes ou os que se tiveran non reflexaran con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalárase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días prorratearase a lectura do mesmo.

- No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, poderase aplicar unha redución na factura previa solicitude do abonado nos seguintes termos:

- Si existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade que mesmo período do ano anterior. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos.



- Si non existen antecedentes ou os que se tiveran non reflexaran con exactitude os consumos reais se prorrataan un mínimo de quince días o consumo desde a reparación da avaría.

Non se modificará ningún consumo por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que non se revisen os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

**Tarifa segunda:** Prestación de servizos de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais.

a) Inmóbiles que dispoñan do servizo domiciliario de auga:

**Compoñente fixa:**

Usuarios domésticos: 0,50 €/mes  
Usuarios non domésticos: 0,50 €/mes

**Compoñente variable** (en función do consumo real de auga potable):

Consumos uso doméstico:

Sen consumo:	0,00 €/m <sup>3</sup>
Bloque 1 ( $0 < Q \leq 6$ m <sup>3</sup> /mes):	0,28 €/m <sup>3</sup>
Bloque 2 ( $6 < Q \leq 15$ m <sup>3</sup> /mes):	0,28 €/m <sup>3</sup>
Bloque 3 ( $Q > 15$ m <sup>3</sup> /mes):	0,28 €/m <sup>3</sup>

Consumos usos non domésticos:

Asimilable a doméstico:	0,28 €/m <sup>3</sup>
Non doméstico:	0,35 €/m <sup>3</sup>

A estes efectos entenderase por uso doméstico, non doméstico e asimilable a doméstico, o definido para tales conceptos polo artigo 2 da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

\* Refacturacións:

- Cando o contador da auga se atope avariado, facturarase atendendo as seguintes circunstancias:
  - Si existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior.
  - Si fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos.
  - Si non existisen antecedentes ou os que se tiveran non reflexaran con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalarase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días prorratearase a lectura do mesmo.
- No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, poderase aplicar unha redución na factura previa solicitude do abonado nos seguintes termos:
  - Si existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade que mesmo período do ano anterior. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos.
  - Si non existen antecedentes ou os que se tiveran non reflexaran con exactitude os consumos reais se prorrataan un mínimo de quince días o consumo desde a reparación da avaría.



Non se modificará ningún consumo por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que non se revisen os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

b) Derogado

**Tarifa terceira:** Actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiro municipal.

a) Por cada acometida á rede xeral, a cota que resulte de multiplicar por 111,63 €, o número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais situados en cada inmovible.

b) Aboarán só o 10% desta tarifa, aqueles veciños que colaborasen economicamente na execución das obras comunitarias de condución dos sumidoiros, sempre que conste a devandita colaboración nos expedientes de convenios de comisións veciñais, aprobados polo Pleno do Concello.

**Tarifa cuarta:** Servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros.

Pola unidade xestora do servizo, formularase a correspondente conta dos gastos de persoal e material investido, conforme aos datos que sexan facilitados polo Servizo de sumidoiro, procedéndose á liquidación correspondente ás persoas obrigadas ao pagamento, segundo as tarifas seguintes:

Persoal: por cada operario, por hora ou fracción: 11,16 €.

Material: por cada camión motobomba, por hora ou fracción: 44,65 €.

3.- As cotas esixibles desta ordenanza terán:

a) As contempladas na tarifa primeira, apartado a); carácter trimestral, recadándose conxuntamente co recibo polo consumo de auga potable.

b) As recollidas na tarifa primeira, apartado b); carácter semestral, deducidas dun Padrón anual que confeccionará o Concello.

c) As contempladas na tarifa segunda, apartado a); carácter trimestral, recadándose conxuntamente co recibo polo consumo de auga potable.

d) Derogado.

e) As contempladas na tarifa terceira; carácter de depósito previo.

f) As recollidas na tarifa cuartas, carácter puntual.

## Artigo 6º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Exención ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social:

Estarán exentos da taxa regulada na Tarifa segunda do punto 2 do artigo 5º da Ordenanza, ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social, entendendo por tal a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

Os requisitos que deben cumprir as unidades de convivencia para ter a condición de estar en risco de exclusión social serán as seguintes:

- a. enderezo para o cal se solicita a exención debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.
- b. titular do contrato de subministración de auga potable deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que é o pagador do recibo da taxa da auga.



- c. Os ingresos totais da unidade de convivencia non poden superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
- d. Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social, por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:
  1. Persoas perceptoras da renda de integración social.
  2. Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
  3. Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan una ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a una situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que contén con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela, recoñecidos na lexislación vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas terán unha bonificación do 50% das taxas reguladas na Tarifa segunda do punto 2 do artigo 5º da Ordenanza, non concedéndose respecto das restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.

A bonificación na cota aplicarase sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O enderezo para o cal se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que está empadroadada a unidade familiar.
- b) O titular do contrato de subministración de auga potable debe coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que ten domiciliado o pagamento do recibo da taxa de auga nalgunha conta bancaria da que sexa titular.

#### **Artigo 7º: -DEVENGO**

1. Devengarase a Taxa e nacerá a obrigaçión de contribuír cando se comece a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose comezada a mesma:

a) No caso de novas acometidas, na data de presentación da oportuna solicitude de licenzia de acometida, si o suxeito pasivo a formulase expresamente. Non obstante, no caso de novas acometidas relativas a vivendas de nova construción, no momento de instar a licenzia de obras correspondente.

b) No caso de prestación de servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiro e o seu tratamento para depuralas, na data que teña lugar a efectiva acometida, sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

O devengo por esta modalidade de Taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenzia de acometida, sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

c) No caso de prestación de servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, na data na que se inicie a prestación do servizo.

#### **Artigo 8º: -NORMAS DE XESTIÓN**

\* Declaración:

Os promotores, no caso de novas construcións e os propietarios, usufructuarios ou titulares do dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenzia de acometida á rede de sumidoiros, virán obrigados a presentar a correspondente solicitude de licenzia de acometida nos impresos que se facilitarán aos contribuíntes no Concello, xuntando xustificante do pago da autoliquidación a que se refire o apartado seguinte, punto 1.

\* Liquidación e ingreso.



1.- Cando se presente solicitude de licenza de acometida presentarase e ingresarse polo suxeito pasivo, autoliquidación a que se refire a Tarifa 3ª do artigo 5º da presente Ordenanza, que terá o carácter de depósito previo da liquidación definitiva que se puidera practicar. O ingreso efectuarase na Oficina de Xestión Tributaria e Recadación ou Entidades colaboradoras.

No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ao tempo de solicitar a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realizar as obras de acometida á rede xeral de sumidoiro, acompañando xustificante de aboar a autoliquidación a que se refire o parágrafo anterior.

2.- Si se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practicar liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.

3.- As solicitudes de baixa producirán efectos a partires do trimestre ou semestre natural seguinte ao da súa presentación, segundo o inmovible dispoña ou non do servizo de auga potable respectivamente.

4.- Unha vez autorizada a acometida, o percibo da Taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente co da Taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa recepción do correspondente recibo de auga potable/sumidoiro. Non obstante, cando se trate de inmobles ou actividades comprendidas no art. 5º.1 b) desta Ordenanza, o período impositivo coincidirá co semestre natural, sendo as cotas irreducibles.

A explotación, mantemento e conservación da EDAR de Bens e emisario submarino está encomendada á sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data 27 de marzo do 2013. En consecuencia, en virtude, non só da potestade tarifaria do Concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no apartado a) da Tarifa segunda do punto 2 do artigo 5º da Ordenanza.

5.- No suposto de arquivo da solicitude de licenza de acometida regulada polo apartado a) do punto 1 do artigo 2, tramitado ao amparo do artigo 6, parágrafo 3 da Ordenanza reguladora do procedemento para solicitar licenzas de edificación e uso do solo, o solicitante terá dereito á devolución dun 80% do importe das taxas previamente ingresadas.

6.- Procedemento para a aplicar a exención ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión:

a) O procedemento iníciase coa presentación dunha solicitude polo suxeito pasivo da taxa de auga potable no rexistro de entrada, á que acompañará un informe emitido nos quince días anteriores a súa presentación, polos servizos sociais do Concello de Oleiros conforme se cumpren os requisitos a que se refire o artigo 6º.1 da Ordenanza fiscal, así como copia da último recibo da taxa de auga.

b) Unha vez recibida a documentación completa polo Departamento de Xestión Tributaria do Concello, procederase a ditar Resolución pola 1ª Tte. Alcaldedelegada de Economía e Facenda, e de ser o caso comunicará dita circunstancia á entidade subministradora do servizo de auga potable para os efectos de que deixen de facturar a taxa regulada pola Tarifa segunda do apartado 2 do artigo 5º da Ordenanza fiscal nas facturas que lle emitan a dito abonado, tendo efectos a partires do primeiro día natural do seguinte trimestre o da súa solicitude. Asimesmo comunicará dita circunstancia aos servizos sociais do Concello.

c) Cando a solicitude non reúna os requisitos para a concesión da exención, o Concello de Oleiros, con carácter previo á notificación da resolución, notificará a proposta de resolución denegatoria para que, nun prazo de 10 días contados a partires do seguinte ao da notificación de dita proposta, alegue o que conveña ao seu dereito. Non obstante poderá ditarse resolución cando no figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución, outros feitos nin outras alegacións e probas que as presentadas polo interesado.



d) A Resolución deberá ser ditada no prazo de 3 meses contados desde o día da presentación da solicitude. A falta de notificación da resolución no devandito prazo comportará a estimación da solicitude.

e) O suxeitos pasivos aos que se outorgase a exención, así como o Departamento de Servizos Sociais do Concello deberán comunicar ao Departamento de Xestión Tributaria do Concello a perda da situación da situación de riesgo de exclusión social, no prazo dun mes a contar desde o momento no que se produza dicha perda.

7. O procedemento para aplicar a bonificación aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas sería o seguinte:

a) O procedemento iníciase coa presentación no rexistro de entrada do Concello, pola persoa que figure como titular no título de familia numerosa, dunha solicitude que conterá unha declaración conforme cumpre os requisitos establecidos polo artigo 6º.2 da Ordenanza fiscal nº 7, unha copia do último recibo da taxa de auga potable da vivenda onde se atopa empadroada a unidade familiar e unha copia compulsada do carné de familia numerosa ou título acreditativo expedido pola Administración competente.

En dicha solicitude, o solicitante deberá autorizar ao Concello de Oleiros, para que comprobe en relación ao empadroamento da unidade fiscal, a veracidade dos datos declarados. No caso de non prestar autorización, a solicitude deberá vir acompañada do volante ou certificado de empadroamento emitido nos dez días naturais anteriores á presentación da solicitude.

b) Unha vez recibida a documentación completa polo Departamento de Xestión Tributaria do Concello, procederase a ditar Resolución pola 1ª Tenente Alcalde-delegada de Economía e Facenda, e de ser o caso comunicará dita circunstancia á entidade subministradora do servizo de auga potable para os efectos de que aplique a bonificación nas cotas da taxa reguladas pola Tarifa segunda do apartado 2 do artigo 5º da Ordenanza fiscal nas facturas que lle emitan a dito abonado, tendo efectos a partires do primeiro día natural do seguinte trimestre ao da súa solicitude.

c) Cando a solicitude non reúna os requisitos para a concesión da exención, o Concello de Oleiros, con carácter previo á notificación da resolución, notificará a proposta de resolución denegatoria para que, nun prazo de 10 días contados a partires do seguinte ao da notificación de dita proposta, alegue o que conveña ao seu dereito. No obstante poderá ditarse resolución cando no figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución, outros feitos nin outras alegacións e probas que as presentadas polo interesado.

d) A Resolución deberá ser ditada no prazo de 6 meses contados desde o día da presentación da solicitude. A falta de notificación da resolución no devandito prazo comportará a estimación da solicitude.

e) A perda da condición de familia numerosa que motivou a concesión da dedución debe ser comunicada ao Concello de Oleiros no prazo dun mes a partir do momento en que se produza.

8. Tanto as bonificacións como as exencións concedidas aplicaranse durante o trimestre natural seguinte ao da súa solicitude, ao resto de trimestres que resten ata finalizar o ano natural e durante o ano seguinte ao da súa concesión, debendo solicitarse a prórroga por un período de 2 anos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para o seu disfrute. As prórrogas deberán ser solicitadas antes do 1 de xaneiro de cada ano.

DISPOSICIÓN FINAL: A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 9-11-89 (Modificacións Plenarias de 24-01-91, 19-12-91, 1-12-93, 13-11-95, 25-10-96, 14-10-97, 11-11-1.998, 14-12-2001, 27-11-2003, 14-03-2005, 27-10-2005, 27/11/2008, 29/9/2011, 29/11/2012 e 20/12/2013, 27/10/2016) e entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro das modificacións no B.O.P., permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa



*(con excepción da modificación de 27/11/2008, que entrará en vigor aos 15 días da publicación do texto íntegro das modificacións no BOP).*

*DILIXENCIA para constatar que:*

*A presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 9 de novembro de 1989, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P nº4 Bis de 5 de xaneiro de 1.990.*

*Por Pleno de 24 de xaneiro de 1.991 modificouse o artigo 5º.2, publicándose o texto íntegro do citado artículo no B.O.P. Nº 108 de 13 de maio de 1.991.*

*Por Pleno de data 19 de decembro de 1.991 modificáronse os artigos 5º Tarifa 1ª a) punto 2º e Tarifa 2ª e 8º.7.3, publicándose os seus textos íntegros no B.O.P. Nº 94 de 25 de abril de 1.992.*

*Por Pleno de 1 de decembro de 1.993 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do mesmo no B.O.P. Nº 47 de 28 de febreiro de 1.994.*

*Por Pleno de data 13 de novembro de 1.995 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro da modificación no B.O.P. Nº 31 de 7 de febreiro de 1.996.*

*Por Pleno de data 25 de outubro de 1.996 modificáronse os artigos 2º, 3º, 5º, 7º e 8º, dos que os seustextos íntegros foron publicados no B.O.P. Nº 300 de 31 de decembro de 1.996.*

*Por Pleno de data 14 de outubro de 1.997 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro da Ordenanza modificada no B.O.P. nº 296 de 27-12-1.997.*

*Por Pleno de data 11 de novembro de 1.998 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro da Ordenanza modificada no B.O.P. nº 299 de 31 de decembro de 1.998.*

*Por Pleno de data 14 de decembro do 2001 modificouse o artigo 5º -Base de gravame e Cota tributaria, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 54 de 6 de marzo do 2002.*

*Por Pleno de data 27 de novembro do 2003 modificouse o artigo 5º.- Base de gravame e cota tributaria, publicándose o seu texto no B.O.P. Nº 60 de 13 de marzo do 2004.*

*Por Pleno de data 14 de marzo do 2005 modificáronse os artigos 1º, 3º, 4º e 5º, publicándose os textos íntegros dos artigos no B.O.P. Nº 138 de 18 de xuño de 2005.*

*Por Pleno de data 27 de outubro do 2005 modificouse o artigo 5º, publicándose o texto íntegro do artigo no B.O.P. Nº 296 de 28 de decembro de 2005.*

*Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificouse o artigo 5, publicándose o texto íntegro do artigo no BOP nº 285 de 12 de decembro do 2008.*

*Por Pleno de data 27 de novembro do 2008 incorporouse un apartado 5 no artigo 8º, publicándose o texto deste apartado no BOP nº 32 de 9 de febreiro do 2009, e entrando en vigor aos 15 días da publicación.*

*Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº241 de data 21 de decembro do 2011.*

*Por Pleno de data 29 de novembro do 2012 modificáronse os artigos 5º e 8º, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 39 de data 26 de febreiro do 2013.*

*Por Pleno de data 20 de decembro do 2013 modificáronse os artigos 5º e 8º, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 57 de data 25 de marzo do 2014.*

*Por Pleno de data 27 de outubro do 2016 modificáronse os artigos 5º, 6º e 8º, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 246 de data 29 de decembro de 2016.*